

## **DE XEITO – MODO- INDICATIVO**

### **PRESENTE (A miña nai, sempre presente)**

Decátome de canto te preciso,  
de canto boto en falta o teu abrazo  
que de nena agardaba no regazo  
tan morno, brando e tenro coma o niño

en que me agarimaches docemente  
compartindo comigo alento e veas,  
cuberta polo veo das túas teas  
como a terra agarima na semente.

Necesito saberte á miña beira  
coidando das bágoas e dos risos,  
das mágoas e ledicias, das quimeras

que me acoden por veces silandeiras...  
Non podo percorrer soa o camiño,  
faise longo sen a túa presenza.

### **PRETÉRITO (sempre) IMPERFECTO**

Soñaba cun mañá que xa é hoxe,  
coidaba que os anhelos se cumprían  
coma os anos e que estaba aínda lonxe  
o futuro que incerto presentía.

Teimaba en construír a miña vida  
cunha sólida cerna resistente  
perante o furacán e a nordesía  
que arrasan o existir supetamente.

Inxenua, do vento descoñecía  
que as brisas, cal caricias, tamén matan  
ou transforman en chagas as feridas

que os xeos abren con coitelas brancas.  
Acender dos anhelos as pavías  
é inútil se se apagan coas coirazas...

## **No agora semella que o PASADO foi PERFECTO**

Camiñei polas sendas do pasado  
que na memoria gardaba esquecidas  
tentando atopar a presenza viva  
deste meu existir murcho e sen azos.

Volvín a ollada a un mundo que non vira  
a pesares de telo percorrido,  
pescudando entre arelas xa perdidas  
cun fondo empeño, absurdo e destemido.

Espín a mente, quixen ficar núa  
para afrontar ao tempo que durmido  
penduraba do azul raio da lúa:

comecei a sentir como un latido  
deste corpo aínda inerte rexurdía...  
Por un intre coidei que estaba vivo!

## **Prego ó FUTURO, de moi preto: ¡Non á guerra!**

Seguirei muda en loita co silencio,  
na mesma liña, preto da fronteira;  
agochareime núa na trincheira  
apenas encuberta polo medo.

Contarei ata dez aletargada,  
xeada polo frío das consciencias,  
durmida, aínda que só en aparencia,  
mentres contida a miña voz agarda.

Aínda inxenua manteño a esperanza  
de ollar nun mastro ondeando cara o mundo  
izada ao vento unha bandeira branca.

Se así non é, o berro máis doente  
arrincado do laio das entrañas  
sairá dos meus beizos sen deterse.

## **Futuro hipotético e moi CONDICIONAL**

Sería quen de abrir novos sendeiros,  
de borrar dos antigos as pegadas,  
de limpar o teu ceo de nubeiros,  
de acender o teu lume cunha ollada,

se con ilo acadara no momento  
escoitar como antano a túa palabra,  
sentindo no meu rostro o teu alento  
a enxugar o ronsel das miñas bágoas.

Sería quen de camiñar a escuras  
sorteando cráteres e valgadas  
pola cara agochada dunha lúa

se soubera que entre eles te atopaba.  
Sería quen de espirme e ficar núa  
se os teus brazos enteira me abrigaran.

## **EN CERTO MODO SUBXUNTIVO**

### **Desexo de non estar PRESENTE**

Acaso o mar non saiba do meu medo,  
descoñeza o aroma das palabras  
que confesen témeros os meus beizos  
salgados pola brisa e polas bágoas.

Acaso ese vaivén co seu latido  
adormeza doce as miñas pálpebras,  
anestesiando o corazón ferido  
polo coitelo da desesperanza.

Acaso consinta que no seu leito  
mergulle para sempre as mesmas mágoas  
que agora están a afogarme o peito

e que afundidas no seu seo e calmas  
aniñen ao fin, lonxe do baleiro  
ao que o meu existir as condenara.

## **IMPERFECTO desiderativo**

Se percorrese a senda limitada  
por chantóns rexos e arame de espiños  
cos ollos cegos, xordos os oídos  
e a un falso albedrío abandonada,

esquecendo que existen os camiños  
ao sol abertos, á lúa entregados,  
nos que xamais se ergueron os valados  
que alienan e atormentan os sentidos,

ficarían para sempre apagadas  
a voz que te pronuncia con porfía,  
a luz que te alumea sen idade,

as mans case tolleitas e engurradas  
pero abertas sen medo cara o día  
en que imperes no mundo, liberdade.

## **Quixo ser pluscuamperfecto de indicativo e ficou nun IMPERFECTO moi subxuntivo**

Se tivera todo o tempo que me falta  
gardado nunha arca cal tesouro,  
ben puidera esgotalo pouco a pouco  
sen librar por cada intre unha batalla;

sen estar ao reloxo encadeada  
loitando por ceibarme, sen fortuna,  
dese abrazo constante das agullas  
que ao meu peito se aferran espetadas.

Se sementar soubera hora por hora  
e labrar suco a suco cada instante,  
á seitura agardara sen demora,

sen acougo. Quizais, sen aquelarme,  
acadara ese tempo que no agora  
non posúo de meu para entregarme.

## NUNHA FORMA NON PERSOAL, MAIS PERSONALIZADA

### INFINITIVO case CONXUGADO

De escoitaren latir o teu silencio,  
de anhelaren o son das túas palabras,  
os meus oídos xa ermos e desertos  
enxordan nunha atmosfera calada.

De sentiren a ausencia dos teus beizos,  
de agardaren o calor das túas mans,  
nos meus poros xa só fica o baleiro,  
o frío xeo que en terra os mudará.

De soñaren coa luz da túa ollada,  
as meniñas enxoiatas ficarán  
sen o pracer de revivir coas bágoas

que outrora porfiaban por regar  
a ilusión por vivir e as esperanzas  
de compartir contigo o camiñar.

### DOUTRO MODO (OU MANEIRA)

#### IMPERATIVO “ilegal”

Que entoe o vento vellas cantigas,  
que nun murmurio se abale a auga  
do río quedo, que entre as espigas  
en longas fugas se rompa a calma

do pan centeo. Que soen *gigas*  
coas belas notas das ondas mansas  
e que concertos de luz e cinsa  
das súas charetas brinden as brasas

queimando incenso. A melodía  
que emana tenue da túa frauta  
supera ao vento na súa porfía,

ao son do río e ás baladas  
de leves ecos que na harmonía  
dos doces soños dormen gardadas.